Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

# ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

**Base 63 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2016**

**GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASEMBLEAS ABERTAS:**

1. *Resolución da Presidencia núm. 4.829/2016, con data do 26/02/2016 de libramento de fondos pola asignación provincial ao Grupo Político*.

1ª xustificación:

1. *Solicitude de asignación económica ao grupo BNG*.
2. *Informe da Intervención Provincial*.
3. *Resolución da Presidencia núm. 29.619/2016, con data do 05/12/2016, sobre a xustificación efectuada e proposta de pagamento para reposición de fondos*.

2ª e última xustificación:

1. *Xustificación documental dos fondos recibidos*.
2. *Informe da Intervención Provincial*.
3. *Resolución da Presidencia núm. 31.227/2016, con data do 20/12/2016, que aproba o pago da segunda e última xustificación da asignación provincial do exercicio 2016*.

JOSE LUIS ALMAU SUPERVIA
Data: 27/02/2016 12:27

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
Data: 26/02/2016 23:13

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Presidencia

# RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PAGO DA ASIGNACION TRIMESTRAL AO GRUPO POLITICO PROVINCIAL BNG-ASEMBLEAS ABERTAS

**Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña**

## I) ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 250 do 31 de decembro de 2015 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2016 e bases para a súa execución.

## II) DISPOSICIÓNS LEGAIS

A número 63 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento do previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local e fixa para este grupo político provincial un importe trimestral de cinco mil douscentos cincuenta euros (5.250 euros).

Este grupo político dispón dun número de identificación fiscal coa denominación de Grupo provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas e ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario dabondo na aplicación 2016/0000/912.02/480 para atender ese gasto.

## RESOLVO:

1) Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 2016/0000/912.02/480 e aprobar o pago da asignación correspondente ao primeiro trimestre do 2016 por un importe de cinco mil douscentos cincuenta euros (5.250 euros) a prol do Grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas (NIF número V70477419) e ingresalo na súa conta da entidade financeira Abanca número ES94 2080 0043 1630 4002 6661
2) O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base número 63.
3) Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gastos haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle deu aos fondos librados anticipadamente como "pago a xustificar"
4) O pago da asignación terá a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro do primeiros dez días do mes de decembro de cada exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data

JOSE LUIS ALMAU SUPERVIA
Data: 27/02/2016 12:27

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
Data: 26/02/2016 23:13



5) A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas no número 63 das bases de execución
6) Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente
7) Admitiranse como xustificantes válidos os pagos feitos dende o pasado 25 de novembro, que é a data de publicación no BOP do expediente de modificación de créditos número 4/2015 e da modificación das bases de execución do orzamento para o 2015
8) A documentación xustificativa dos pagos aos grupos e a súa tramitación publicarase no Portal da transparencia da Deputación co contido permitido pola lexislación vixente
9) Notificar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

BNG
Asembleas
— Abertas

DIPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
Registro de INTERVENCIÓN
N.º 37357

| ENTRADA | SALIDA |
|---|---|
| 02 DIC. 2016 | |

# SOLICITUDE ASIGNACIÓN ECONÓMICA AO GRUPO BNG

1.- O número 63ª das bases de execución do orzamento 2016 da Deputación da Coruña recolle a asignación aos grupos políticos provinciais e fixa a dotación económica que lle corresponde a cada grupo político.

2.- O grupo do BNG- Asembleas Abertas, logo de presentar a documentación precisa para acollerse á base 63, foille ingresada na súa conta 2080-0043-16-3040026661 a asignación trimestral (5.250 €) en concepto de pago a xustificar.

3.- O grupo do BNG- Asembleas Abertas da Deputación da Coruña levou a cabo a edición dun boletín informativo sobre as liñas políticas desenvoltas nas áreas de responsabilidade do grupo nacionalista desde o comezo do mandato do novo goberno da Deputación da Coruña.

4.- O custo deste traballo ascende á cantidade de 17.460,3 € (IVE incluído)

5.- Non tendo xustificado ningún outro gasto ata a data e tendo en conta que a asignación económica que lle corresponde ao Grupo do BNG-Asembleas Abertas para o exercicio 2016 ascende, máximo a 21.000 €,

O Grupo do BNG-Asembleas Abertas **SOLICITA**

Se lle abone en concepto de asignación económica ao seu grupo o importe de **12.210,30 €** (17.460,30€ - 5.250,00 €), co obxecto de facer o pago da factura nº 051 emitida por Alberte Sánchez Regueiro polo traballo desenvolto e que se indica máis arriba.

A tal fin, achégase factura e 3 exemplares do boletín informativo

A Coruña, 2 de decembro de 2016

Asdo. Xosé Regueira Varela
Portavoz do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**




**Alberto Sánchez Regueiro**
**34894882H**
**Xermar 36**
**15185 Cerceda**
**A Coruña**

# FACTURA 051
## data 01/12/2016

**Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas**
**Avda. Alférez Provisional 2 - planta 3**
**Palacio Provincial - 15003 A Coruña**
**CIF: V70477419**

30.000 boletíns informativos, que consta de 12 páxinas en tamaño A4
Impresos en papel estucado semimate de 125 gr montados e grapados
"por unha Deputación ao servizo de todos os concellos"

- Deseño gráfico 1.300€
- Maquetación gráfica 700€
- Realización, impresión e manipulado 12.430€

subtotal 14.430 € IVE (21%) 3.030,3€ retención (7%) 1.010,1€ **total 16.450,2 €**

**Alberto Sánchez Regueiro**

(IBAN): ES32 0238 8210 9106 0000 5744 - (BIC): PSTRESMM

BNG

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

GRUPO PROVINCIAL DO BNG NA DEPUTACION DA CORUÑA

# POR UNHA DEPUTACIÓN AO SERVIZO DE TODOS OS CONCELLOS

BNG

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

GRUPO PROVINCIAL DO BNG NA DEPUTACION DA CORUÑA

Deputación DA CORUÑA

# “A DEPUTACIÓN DA CORUÑA ESTÁ A EXPERIMENTAR UN CAMBIO DE MODELO”

**A vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín Rei, é tamén responsábel das áreas de Cultura e Lingua, concelleira en Santiago de Compostela e responsábel de política municipal na Executiva do BNG. Nesta nova viaxe, individual e colectiva, destaca a innovación e a vontade de mudar a relación entre a Deputación e concellos e entidades, o traballo e a cooperación do funcionariado e o importante equipo, técnico e político, que rodea o BNG no seu labor diario.**

**- Que destacarías desta primeira etapa no goberno da Deputación da Coruña?**

A vontade de transformación do grupo de goberno. Estaba enriba da mesa, mentres as deputacións existan, traballar por unha nova relación cos concellos, rematar coa discrecionalidade, reducir as subvencións nominativas, desenvolver políticas transparentes con criterios obxectivos, apostar pola cultura propia e traballar man a man co asociacionismo e o tecido local existente nos distintos ámbitos. E nesa liña estamos.

**- Como se conxugan dous programas diferentes na acción do goberno?**

O BNG e o PSdG-PSOE presentámomonos cun programa único, un programa en que insistiamos en todos os temas que acabo de comentar e as transferencias, tanto aos concellos como á propia Xunta. A respecto das primeiras, xa hai avances significativos, como a cesión das Torres do Allo, do Castelo de Vimianzo ou o ofrecemento ao Concello da Coruña para xestionar o Teatro Colón. No caso da Xunta, houbo conversas para diversas transferencias mais de momento sen resposta. Unha vez que se inicia agora un novo ano, volveremos pór enriba da mesa o anacronismo que supón que sexa a Deputación quen xestione centros de ensino, centros asistenciais, unha rede de estradas de 2000 quilómetros con algunas de envergadura claramente galega, ou o Dolmen de Dombate por pór exemplos significativos.

**- Que cambios son os fundamentais nese cambio de modelo?**

Levamos meses desenvolvendo un intenso traballo para conseguirmos ter un novo instrumento de relación cos concellos, unha mudanza de modelo que será histórica. Falo do Plan Único de Concellos, que é unha aposta pola autonomía local, pola responsabilidade e madurez dos concellos para estes decidiren en que que queren investir os seus recursos. Este proxecto encaixa perfectamente nun acordo de goberno que non só atinxe á Deputación da Coruña. Cumprimos con este plan o acordo global sobre o papel das deputacións, un programa de eliminación da discrecionalidade e de fomento da transparencia e da obxectividade na distribución de fondos e o seu paso a seren estas institucións transmisoras directas dos recursos aos concellos. Non esquezamos que se as deputacións non existisen eses recursos terían que ir directamente aos concellos, con importantes problemas de financiamento. Ese é, precisamente, o camiño que iniciamos.

**- A Deputación realizou tamén unha homenaxe a membros dos concellos e da propia institución que foron vítimas do franquismo. Que outros pasos se van dar para traballar na recuperación da memoria histórica?**

Esa homenaxe supuxo o momento máis emotivo de todo este período. Hai moitas persoas e grupos que prefiren o silencio, invisibilizar o

acontecido. Foi un acto duro mais necesario. O agradecemento de familiares e amizades foi enorme e hai moitas persoas que continúan a chamar para nos ofrecer mais historias que acrecentar á listaxe inicial, conformada unicamente por alcaldes asasinados. Que a xente coñecese que Ánxel Casal, para alén de ser alcalde de Santiago, foi vicepresidente da Deputación, tivo para min, concelleira na capital do país e vicepresidenta da Deputación, unha transcendencia singular. Continuaremos a traballar na recuperación da memoria histórica e en tirar a luz os datos de todos os cargos represaliados na etapa máis difícil da nosa historia. É unha obriga social e institucional que imos cumprir.

**- Cales son as liñas que distinguen a política cultural?**

Nesta área, o recurso ás subvencións nominativas era o máis habitual e o noso compromiso, nesta e no conxunto, é reducilas a un 5% do orzamento.

Comezamos a traballar no deseño de liñas específicas de concorrencia competitiva que fosen delimitando aqueles eventos, actividades ou iniciativas que tivesen coincidencias e especial relevancia para os sectores culturais máis dinámicos da sociedade. O tecido asociativo terá sempre na Deputación da Coruña un aliado preocupado pola súa saúde e as súas capacidades.

**- Supomos que o traballo de fomento da lingua é un dos máis complicados.**

Pois si. Sobre todo, porque o anterior goberno da Deputación da Coruña rebaixara enormemente o apoio á normalización lingüística. O noso obxectivo inicial foi retomar o impulso aos servizos de normalización lingüística dos concellos, pois é esa proximidade a que permite unha planificación acaída a cada realidade concreta.

En resumo, estamos nun novo tempo, nunha transformación radical das políticas que se desenvolven desde as deputacións, atravesadas polo xeito de concibir as institucións do BNG. Participación, obxectividade, complicidade e colaboración cos sectores afectados, os concellos e a veciñanza no centro, aposta pola produción propia e pola creación en galego.



BNG

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

GRUPO PROVINCIAL DO BNG NA DEPUTACION DA CORUÑA



**Ánxela Fran**
**Deputada d**
**Social, Ed**
**e Politic**
**Igualdade d**

**Manuel Muíño Espasandín**
**Delegación especial en materia de Asistencia a Municipios**

**Xesús Soto Vivero**
**Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento**



o Pouso
Benestar
cación
s de
Xénero

**Goretti Sanmartín Rei**
**Vicepresidenta e Deputada de Normalización lingüística e Cultura**

**Xose Regueira Varela**
**Deputado de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio histórico-artistico**

**Democratización, xustiza, galeguización, promoción das transferencias, eliminación da discrecionalidade das subvencións nominativas, apoio aos pequenos concellos e obxectividade á hora de xestionar os recursos públicos son os principios que conducen a actuación do BNG na Deputación da Coruña, recollidos no acordo de goberno aprobado en xullo de 2015. A institución está a experimentar así un importante avance no cambio de modelo que será progresivo nos próximos exercicios, con pasos decididos cara a autonomía dos concellos e o aumento das transferencias ás entidades municipais. O BNG na Deputación da Coruña traballa con este obxectivo que marca, de maneira especial, as decisións políticas das áreas en que gobernamos.**

## RACIONALIZAR AS DEPUTACIÓNS

É sabido que o BNG defende a supresión das deputacións por tratárense dun modelo de organización territorial alleo á realidade galega, imposto no seu día -1833- como ferramenta de uniformización das diferenzas existentes no conxunto do Estado e que, en calquera caso, nin daquela nin hoxe responde ás necesidades do noso país. Defedender a súa supresión non quere dicir botar a perder o seu patrimonio, desaproveitar os seus recursos ou eliminar os postos de traballo vinculados a ellas. Todo o contrario. O que defendemos é a transferencia de todos estes activos ás administracións públicas correspondentes en cada caso (concellos, Xunta de Galiza), para desenvolver un novo modelo territorial máis eficaz, áxil, adaptado e útil ao servizo das necesidades da sociedade galega. Mais tamén é certo que, en tanto non existe unha maioría política e social favorábel á súa supresión, por responsabilidade política o que corresponde é participar dos seus gobernos para favorecer a súa conversión en entes máis transparentes, racionais e democrácticos. Tamén, do noso punto de vista, para ir gradualmente delimitando as súas funcións no apoio aos pequenos e medianos concellos e ao tecido asociativo. Iso é o que estamos a facer como BNG desde o Goberno da Deputación da Coruña.



## TRANSPARENCIA E COOPERACIÓN CO ÁMBITO LOCAL

O BNG impulsa desde o Goberno da Deputación da Coruña, e de acordo co expresado no Acordo de Goberno asinado por BNG e PSdG no seu día, propostas e iniciativas que responden aos seguintes criterios de actuación:

- Aposta pola transferencia de competencias e a comarcalización de servizos.
- Defensa da autonomía local. Os concellos como centros decisorios das políticas.
- Aplicación de criterios de equidade e xustiza social nos plans, axudas e actuacións provinciais.

E isto dentro dunha filosofía de traballo que entende preciso avanzar na simplificación e adelgazamento competencial, cara a un modelo de xestión que nos leve a que as deputacións se centren nas competencias propias e eviten duplicidades coa Xunta e cos concellos.



## PLAN ÚNICO DE CONCELLOS, UN NOVO MODELO DE RELACIÓN

A aprobación do **POS+ Plan Unico de Concellos** -dotado inicialmente con 74 millóns de euros mais que polo seu carácter dinámico pode chegar no exercicio de 2017 a case os 100 millóns supón un modelo novo de cooperación entre a Deputación e as entidades locais. Trátase dunha iniciativa audaz e singular, que marca un antes e un despois no modelo de relacionamento cos concellos, e que desenvolve todo un cambio de enfoque a partir dos seguintes obxectivos:

- Mellorar e simplificar as fórmulas de financiamento das administracións máis achegadas aos problemas da sociedade, que son os concellos.

- Afondar nunha reclamación histórica que é a AUTONOMÍA LOCAL.

- Xestionar os recursos de forma igualitaria, con criterios obxectivos en concorrencia competitiva e sen a discrecionalidade das subvencións nominativas.

- Ofrecer un mecanismo para sanear as contas públicas a concellos en dificultades, que facilite mellorar os periodos medios de pago ás empresas e que evite que os concellos con graves problemas económicos non se vexan na obriga ou de reducir servizos ou de subir taxas e impostos para facerlles fronte aos déficits e débedas.

- Evitar "incentivar" que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda a través de "Plans Finalistas" que levan aparellado unha porcentaxe de endebedamento local.

## UNHA ADMINISTRACIÓN TRANSPARENTE, PARTICIPATIVA E ÁXIL

A Deputación da Coruña sitúase á cabeza de transparencia en materia de contratación, área en que se implementaron medidas para que os procesos sexan tamén áxiles, igualitarios e participativos, como se incluía no acordo de goberno.

"Coas modificacións aprobadas hai medio ano, das contratacións non só se publican as ofertas e as resolucións senón o expediente na súa totalidade", explica Xesús Soto, responsábel dunha área fundamental para o funcionamento da institución, na que se deron importantes avances en só un ano.

- Participación de todos os grupos políticos con representación no pleno na Mesa de Contratación con voz e con voto.

- Aumento da información pública no Perfil do Contratante que inclúe elementos que non se facían públicos no anterior goberno como informes de comité de expertos de referencias técnicas, motivacións das exclusións de empresas dos procesos, comunicacións das reparacións de documentos, etc.

- Publicación de contratos e licitacións na Plataforma de Contratación do Sector Público.

- Información mensual ao Pleno da adxudicación de Contratos Menores.

- Nos Pregos Tipo introducíronse cláusulas sociais que serán de obrigado cumprimento nos concellos que fagan uso deles.



# Educar en igualdade, antídoto contra a violencia de xénero

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PROVINCIAL DO BNG NA DEPUTACION DA CORUÑA

**A Área de Igualdade situou a loita contra a violencia machista como principal obxectivo das súas accións, con accións dirixidas maiormente á xente moza co fin de traballar para unha mudanza a fondo da nosa sociedade. Co convencemento de que educar en igualdade é a máis eficaz ferramenta para vencer a violencia contra as mulleres.**

**Algunhas das accións que se están a desenvolver na actualidade son:**

- Programa socioeducativo "Suprime o control". Ofrece ferramentas coas que traballar na construción da igualdade con especial atención á violencia machista na adolescencia e a súa reprodución na actualidade por medio das redes sociais. Dirixese ao alumnado de 3ª e 4ª da ESO. "Consideramos que é unha idade de especial relevancia para eliminar a violencia e contribuír a crear unha sociedade máis igualitaria. Este programa quere que rapazas e rapaces teñan os ollos abertos para detectar a violencia machista e, entre outros obxectivos, busca desmitificar o amor romántico para que teñan un desenvolvemento libre e sen relacións de dependencia", sinala a deputada Ánxela Franco, responsábel da área de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero. "Suprime o control" dedica especial atención ao papel das TIC como ferramentas de relación entre a mocidade poñendo ao dispor unha asesoría en liña continuada para resolver dúbidas. O concurso na rede "Instagram sen machismo" e o o de micro-relatos de cara o 8 de marzo son outras das accións do programa.

- Concurso de guións contra a violencia de xénero: Para idades de entre 12 e 18 anos busca xerar reflexión, conciencia, sensibilización e prevención da violencia de xénero a través da elaboración dun guión que implique a toda comunidade educativa. O premio inclúe a produción da obra. "Corazón amoratado", é a curta nacida da última edición do concurso, que se difundirá en distintas localidades con especial atención ao público mozo.

- Premio Concepción Arenal: Preséntanse proxectos educativos que procuran o desenvolvemento de habilidades para a identificación e o rexeitamento de estereotipos sexistas. Quere, pois, ir á raíz da loita contra a violencia de xénero e á construción dunha sociedade en que a igualdade de oportunidades sexa real.

Participan na convocatoria centros educativos públicos da provincia de educación infantil, primaria, ou as dúas, educación especial e educación secundaria.

## A igualdade: o noso obxectivo

**Co fin de contribuír á igualdade, a área desenvolve varias iniciativas dirixidas a distintos ámbitos.**

Contra os elementos. É o título do documentario que a área de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade da Deputación da Coruña vén de estrear para visibilizar as mulleres no deporte. Producido por Esferobite con dirección de Marcos Nine, o documentario conta coa participación de futbolistas como Vero Boquete, de xogadoras de rugby como Mónica Castelo, de regatistas de vela como Sofía Toro e de mulleres que levan 20 anos voando en parapente como Mari Carmen Gómez.

Este traballo de visibilización irá acompañado no vindeiro ano 2017 de 18 video foruns que chegarán a todas as comarcas da Coruña, onde participarán as protagonistas e profesionais que traballan a diario no deporte e a igualdade

Xornadas "Saúde e Sexualidade". Coincidindo coa conmemoración do Día Internacional de acción pola Saúde das Mulleres responden á necesidade de reflexionar sobre a saúde e a sexualidade desde a diversidade.

# Eliminar barreiras, traballar pola xustiza social

### LIÑA DE APOIO ÁS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DAS ENTIDADES

**Contribuíndo á mellora das súas instalacións.** Botamos a andar un programa para investimentos dotado de 2 millóns de euros e destinado á finalización de obras e/ou adquisición de equipamentos para a posta en marcha de novos servizos e/ou prestacións en materia de servizos sociais. A accesibilidade, eliminación de barreiras e posta en marcha de servizos complementarios son os obxectivos.

**Ofrecendo ferramentas para mellorar os servizos.** Programa de adquisición e cesión de vehículos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia para a mellora dos servizos e/ou prestacións en materia de servizos sociais e/ou socio sanitarios durante o ano 2016.

**Colaborando en programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero:** conciliación, programas de sensibilización, de dinamización, programas dirixidos a colectivos vulnerábeis: inmigrantes, persoas con diversidade funcional, prostitución, reclusas, ex-reclusas...

**Liña de subvencións para mantemento de programas sociosanitarios:** charlas, foros, campañas de sensibilización, seminarios, congresos, apoio sicolóxico, terapias de rehabilitación.

**Investimentos en centros** de menores, centros de atención á infancia, ludotecas, puntos de encontro, programas de atención psicosocial, intenvención socioeducativa dirixido a menores en situación de risco e de conflito social, centros de atención diurna, eliminación de barreira, tratamentos de rehabilitación, centros especiais de emprego etc.

**Programa para mantemento de servizos sociais:** residencias, centros mixtos, vivendas comunitarias, apartamentos tutelados, respiro familiar, centros mixtos.

**Man a man cos concellos**

- Cun programa para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre homes e mulleres e de loita contra a violencia de xénero.
- Co financiamento dos servizos sociais comunitarios para concellos de menos de 20.000 habitantes.
- Con programas de envellecemento activo: prevención do deterioro físico e cognitivo, actividades de musicoterapia, estimulación cognitiva e prevención de deterioro mental.
- Co desenvolvemento de servizos sociais: servizo de axuda no fogar, programas dirixidos a persoas inmigrantes, programas de inclusión social, de atención a persoas con discapacidades, programas de apoio familiar, de inserción social etc...
- Con convenios cos Concellos de Ferrol, Culleredo e A Coruña para o mantemento das casas de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Cun programa de telesasistencia domiciliaria que dá servizos a 1.800 persoas as 24 horas do día nos 90 concellos da provincia con menos de 50.000 habitantes.



# Por un turismo sustentábel

**Queremos un futuro sustentábel para un sector turístico que ten especial relevancia no noso desenvolvemento económico. Patrimonio, paisaxe, cultura ou gastronomía son eixos dun turismo de calidade para o que traballamos de man dadas cos concellos por medio das seguintes liñas:**

- Liña destinada a servizos de información turística: Ten como obxecto contratar persoal para as oficinas de turismo dos concellos. Promove a incorporación de persoal recentemente titulado, a mellora da planificación turística dos concellos e favorece a apertura das oficinas de turismo.

- Apoio a consorcios, asociacións e entidades de xestión turística a través de liñas de concorrencia competitiva. Son obxecto de colaboración por parte da Deputación actuacións en materia de calidade, organización de celebracións e eventos turísticos, iniciativa de desenvolvemento de produtos e xestión tecnica dos entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios.

- Promoción en feiras dos seis xeodestinos; "Rías Altas: Ferrolterra e Eume", "Rías Altas: A Coruña e As Mariñas", "Costa da Morte", "Terras de Santiago", "Rías Baixas: Ría de Muros e Noia" e "Rías Baixas: Ría de Arousa" son os seis destinos que centran a oferta turística da Deputación da Coruña, cada un deles coas súas potencialidades específicas mais cunha actuación coherente entre todos eles.

- Mesa de coordinación cos concellos. Neste mandato creouse por vez primeira e reúnese cada catro meses co fin de coordinar, planificar e aproveitar sinerxias para o aproveitamento das potencialidades para o sector. "Trátase dunha ferramenta fundamental para a coordinación entre os concellos que evidencia unha nova maneira de traballar. O turismo é un sector estratéxico e clave para a recuperación económica e a creación de emprego e por iso consideramos necesaria a promoción en ferias e mercados e a aposta por un turismo sustentábel e de calidade", apunta Xosé Regueira, deputado de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios,Turismo e Patrimonio históricoartistico.

# Patrimonio

**Posta en valor e camiño aberto cara as transferencias**

- Plan de Patrimonio. Posta en valor do patrimonio histórico, cultural e natural que priorizará os conxuntos patrimoniais coherentes. Entre os seus obxectivos atópase cooperar cos concellos en actuacións de protección, conservación e recuperación e xestión do patrimonio, coa consideración das paisaxes como elemento fundamental do patrimonio cultural. O plan contempla figuras territoriais de Parques Patrimoniais ou Conxuntos Patrimoniais co fin de ordenar a xestión, divulgación e conservación do patrimonio sobre o que se vai actuar. O patrimonio arqueolóxico, de grande riqueza na Coruña, é un dos obxectivos prioritarios dun plan que actuará de maneira especial sobre áreas territoriais superiores ao concello.

- Delegacións de xestión, primeiro paso cara a transferencia. A Deputación ten a titularidade dun importantístimo patrimonio que inclúe bens como Torres do Allo (Zas), Dolmen de Cabaleiros (Tordoia), Forno do Forte de Buño (Malpica) ou Castelo e Muiños de Batáns de Vimianzo ou monumentos emblemáticos como o Dolmen de Dombate ou o Mosteiro de Caaveiro. Neste anos déronse pasos decididos de cara cara ás transferencias aos concellos -algúns destes monumentos deberían, evidentemente, ser titularidade da Xunta- que se iniciaron coa delegación da xestión de atención a visitantes e divulgación cultural a través da sinatura de acordos de colaboración.

- Posta en marcha dun equipo multidisciplinar composto por tres técnicas en materia patrimonial que asesoran os concellos ademais de desenvolver tarefas de control e inventario dos bens propios da Deputación. A día de hoxe, teñen inventariado 1914 bens, tanto obras pictóricas como escultoricas, ademais de incrementar medidas de preservacións de bens que así o requerían como Dombate. O obxectivo é que este equipo se consolide no seu papel de asesor dos concellos en materia de preservación e divulgación de bens patrimoniais.

# Cara a un novo modelo cultural

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PROVINCIAL DO BNG NA DEPUTACION DA CORUÑA

**A área de Cultura da Deputación está a proceder gradualmente a un cambio profundo de modelo. Trátase de pasar dunha dinámica de subvencións e actividades illadas a unha proposta de política cultural global e propia, que priorice a articulación de redes de cooperación interlocal.**

"Estamos a sentar as bases do novo modelo de política cultural e facémolo da man dos concellos e das entidades, en permanente diálogo e contraste con eles, e para contribuír a reforzar a capacidade, os recursos e o dinamismo dos axentes culturais no conxunto do territorio", explica Goretti Sanmartín.

No campo dos concellos, o modelo que se busca é a conformación progresiva de redes de cooperación por ámbitos sectoriais (bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación) da mesma maneira que hoxe existe xa unha rede común para a oferta cultural.

Pola súa banda, no ámbito do apoio ás entidades apostouse claramente pola creación de liñas específicas para atender de xeito máis eficaz, xusto e claro as necesidades de cada sector (asociacións, fundacións, entidades de cultura popular e tradicional, festivais).

No primeiro ano de goberno procedeuse:

- Á importante redución de subvencións nominativas das subvencións nominativas e á súa subtitución por 5 novas liñas de concorrencia competitiva.

- Ao apoio á creación de emprego no ámbito cultural, de xeito directo nas liñas destinadas á contratación de técnicos de museos e centros de Interpretación, que se veñen sumar á xa existente para a contratación de animadores socioculturais.

- Ao apoio decidido aos festivais e eventos culturais do territorio, a través da creación dunha liña específica para o desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e escénicos, a mellor dotada de todas as existentes en Galiza neste sentido e que contou co apoio e contraste dos sectores culturais.

- Aumento dun 30% do orzamento da Rede Cultural, cun total de 1,4 millóns de euros e a participación de 550 entidades, empresas e compañías. A rede incorpora en 2017 un programa de artes escénicas e musicais de carácter profesional (Escena Ao Vivo), un de cinema (Visións) e un de música, danza e teatro non profesional (Alicerce).

- Creación de novas temáticas para as bolsas artísticas e de investigación, coa inclusión das áreas de estudos de xénero e planificación sociolingüística.

- Aposta pola visibilidade social das figuras e efemérides culturais de carácter nacional, como o centenario das Irmandades da Fala, o recoñecemento a Manuel María polo Día das Letras, a celebración do Día de Rosalía e o universal Catelao.

**Obxectivo: Normalizar a nosa lingua**

Afortalar os servizos de normalización lingüística dos concellos é un dos principais obxectivos da área da Deputación da Coruña.

**Dúas iniciativas fixeron visíbel de forma singular o compromiso coa recuperación da memoria histórica nun 2016 en que se cumpre o oitenta aniversario do golpe militar que puxo inicio á represión:**

- Os retratos de José López Bouza e Ánxel Casal, presidente e vicepresidente da Deputación da Coruña paseados no verán de 1936, presidiron o acto de homenaxe e lembranza dos membros das corporacións locais represaliados despois do golpe militar de 1936 que se desenvolveu o xoves 28 de xullo na sede da institución, con motivo do oitenta aniversario do inicio do golpe militar. Nel participaron representantes de boa parte das corporacións municipais dos concellos.

- No día seguinte, o 29 de xullo de 2016, o pleno acordaba por unanimidade a retirada de títulos honoríficos a Francisco Franco. O que fora Xefe de Estado da ditadura mantiña os títulos de Fillo predilecto da Provincia da Coruña e Presidente de honra da Deputación da Coruña, entre outras distincións.

